

ALMORZOS COOPERATIVOS ENCONTROS DE NETWORKING DA ECONOMÍA SOCIAL Espazo de encontro para a intercooperación			
DATA	28 de xuño de 2017	DURACIÓN	2 horas
HORARIO	09:30 - 11:30 h		
LUGAR CELEBRACIÓN	Entidade da Rede Eusumo. Unión galega de cooperativas agroalimentarias AGACA rúa Tomiño, 22 - entrechán Santiago de Compostela		
Persoa de contacto	Mar Pernas	Tfno: 981 575 578	Email: mar@espazo.coop
OBXECTIVOS			
Coñecer dinámicas de comercialización e captación de clientela. Reforzar os contactos individualizados con cada unha das entidades asistentes, co fin de que poidan concretar e identificar colaboración e intercambios. Ao tempo que compartir experiencia e prácticas que lle podan servir ás outras entidades. [Os días previos enviarase o listado das persoas participantes por se algunha quer preparar a conversa ou as propostas a realizar.]			
PROGRAMA			
9:00 h. Recepción e control de asistencia. 9:30 h. Como facemos relacións comerciais? Onde buscamos clientela? Como nos diriximos á nosa clientela?. Quen son? Onde están? . Tres experiencias participantes nolo contarán. 10:00 h. Dinámica de intercooperación: conversa por parellas. Que clientela teño? Podemos compartir clientela? Que ferramentas utilizamos para chegar a ela? E para mantela no tempo?. 11:30 h. Peche da sesión. [A sesión incorpora Café e almorzo para as participantes]			
METODOLOXÍA			
Os Almorzos Cooperativos desenvólvense cunha metodoloxía activa e participativa, que facilita o interese, a atención e o intercambio entre as persoas asistentes. Desenvolverase unha dinámica de <u>intercambio e coñecemento por parellas</u>, mediante a que cada persoa manterá unha <u>conversa de 5-10 minutos con cada</u> unha das outras asistentes. Trala realización do encontro enviarase unha pequena enquisa de avaliación na que tamén se recollerán outras propostas de intercooperación. As propostas de colaboracións e intercooperación teranse en conta para a celebración dos seguintes Encontros que terán un contido máis específico en canto a temática, ben sexa sectorial ou transversal segundo o interese das cooperativas participantes.			
DIRIXIDO A			
Socios e socias, persoal directivo e técnico das cooperativas, sociedades laborais e outras entidades de economía social ou responsables das áreas temáticas tratadas. Grupo: Entre 12 - 20 persoas.			